As estadas cumprirán as Normas UNE-EN 12810-1:2005, 12810-2:2005 e 12811-1:2005, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 669 e 670. As torres de traballo móbiles cumprirán a Norma UNE-EN 1004:2006, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 695 e 696. En calquera dos casos terase en conta o indicado no RD 1215/1997 sobre as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo (modificado polo RD 2177/2004), debendo contar cun Plan de Montaxe, utilización e desmontaxe elaborado por técnico competente, en función da complexidade da instalación temporal (estadas ou torres móbiles), segundo o Real Decreto.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa, debendo repoñer, en calquera caso, as posibles roturas sobre a vía pública.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo de un ano. (Expte. URB/2025/000866)

LICENZAS DE OBRAS MENORES

PRP2025/3611

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Fernando Rúa Gayo, para acometida á rede municipal de **auga para uso de obra** na rúa Vilar, nº 42-Bamio (Ref. Cat.: 969812NH1199N0001RF), baixo as seguintes condicións:

- O punto de toma fixarao o persoal do servizo, co que o solicitante convirá o momento da súa execución, que realizará dito persoal e baixo a súa inspección e vixilancia.
- A arqueta de acometida será de ladrillo oco dobre de 1/2 pé de espesor, revestido interiormente, de dimensións interiores 50 X 50 x 40 cms., con tapa rexistro de fundición de 40 x40 cms., e no seu interior colocarse a chave xeral de corte. Esta arqueta colocarse na beirarrúa fronte á finca que solicite a toma.

- Para a instalación do contador de auga disporase de lugar con tapa rexistrable fóra da obra, de doado acceso para a lectura e comprobación do servizo.
- O uso da auga será exclusivamente para as necesidades da construción da obra, sen que poida destinarse, baixo ningún concepto, a outros usos.
- A conexión da devandita acometida á rede municipal de abastecemento deberá ser executada pola empresa Concesionaria do Servizo Municipal de Augas. (Expte. URB/2025/000167)

PRP2025/3616

Informar favorablemente a solicitude presentada por Dona. María Torrado Tanoira en representación de TECNOLUX 2007, S.L. de desistimento á tramitación da licenza de obra para limpeza e pintado de local comercial situado na rúa Covadonga, nº 2- 4-baixo (Ref.Cat.:9360801NH1196S0005RZ) de conformidade co informe técnico emitido ao respecto no que se indica que non se realizaron as obras indicadas na solicitude e que se proceda ao arquivo do expediente.

Darase traslado do presente acordo ao Departamento de Tesourería aos efectos oportunos (devolución ICIO). (Expte. URB/2025/000521)

PRP2025/3635

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Juan Mario Huygens Moreno, para acometidas ás redes municipais de auga e saneamento para **uso doméstico** na rúa Rubiáns de Arriba, nº 14 (Ref. Cat. 2035212NH2123N0001HA). baixo as seguintes condicións:

CONEXIÓN REDE DE DISTRIBUCIÓN DE AUGA

- O punto de toma fixarao o persoal do servizo, co que o solicitante convirá o momento da súa execución, que realizará dito persoal e baixo a súa inspección e vixilancia.
- A arqueta de acometida será de ladrillo oco dobre de 1/2 pé de espesor, revestido interiormente, de dimensións interiores 50 x 50 x 40 cms., con tapa rexistro de fundición de 40 x 40 cms., e no seu interior colocarse a chave xeral de corte. Esta arqueta colocarse na beirarrúa fronte á finca que solicite a toma.
- A conexión da devandita acometida á rede municipal de abastecemento deberá ser executada pola empresa concesionaria do servizo municipal de augas.

CONEXIÓN REDE DE SANEAMENTO

- Xunto á fachada do edificio, e construída sempre en vía pública , disporase de arqueta de rexistro de ladrillo macizo de 1/2 pé, revestido interiormente, de medidas interiores 60 x 60 con emboquillado de 50 x 50 e tapa de rexistro de fundición destas medidas.
- O punto de conexión fiaxarao o persoal do concello, co que o solicitante convirá o momento da súa execución baixo a súa inspección e vixilancia.
- A conexión realizarase a pozo de rexistro.
- A recollida de Augas Pluviais realizarase en rede independente.

A fianza de 500 € depositada para garantir que a zona de vía pública afectada polas acometidas queda en perfectas condicións de uso, devolverase unha vez comprobado este extremo. (Expte. URB/2025/000673)

PRP2025/3636

Informar favorablemente a solicitude presentada por Dona Nieves Leal Vidal, para acometida á rede municipal de auga para **uso doméstico** na rúa do Río, nº 4-A Torre (Ref.Cat.0066853NH2106N0001JI), baixo as seguintes condicións:

- O punto de toma fixarao o persoal do servizo, co que o solicitante convirá o momento da súa execución, que realizará dito persoal e baixo a súa inspección e vixilancia.
- A arqueta de acometida será de ladrillo oco dobre de 1/2 pé de espesor, revestido interiormente, de dimensións interiores 40 x 40 cms., con tapa rexistro de fundición de 50 x 50 cms., e no seu interior colocarse a chave xeral de corte. Esta arqueta colocarse na beirarrúa fronte á finca que solicite a toma.
- Para a instalación do contador de auga disporase de lugar con tapa rexistrable fóra do inmovible, de doado acceso para a lectura e comprobación do servizo.
- A conexión da devandita acometida á rede municipal de abastecemento deberá ser executada pola empresa Concesionaria do Servizo Municipal de Augas.
- **Dada a distancia que media dende a rede de abastecemento de auga e o punto de toma solicitado, non se pode conceder autorización de acometida, agás que o interesado constrúa a extensión da rede necesaria. Dito ramal require a instalación de 17 ml en PVC Ø63. (Expte. URB/2025/000733)**

PRP2025/3637

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. José Germán Varela Giménez, para acometida á rede municipal de **auga para uso de obra** na rúa Rubiáns de Arriba s/n (Ref.Cat.: 2136205NH2123N0001MA), baixo as seguintes condicións:

- O punto de toma fixarao o persoal do servizo, co que o solicitante convirá o momento da súa execución, que realizará dito persoal e baixo a súa inspección e vixilancia.
- A arqueta de acometida será de ladrillo oco dobre de 1/2 pé de espesor, revestido interiormente, de dimensións interiores 50 X 50 x 40 cms., con tapa rexistro de fundición de 40 x40 cms., e no seu interior colocarse a chave xeral de corte. Esta arqueta colocarse na beirarrúa fronte á finca que solicite a toma.
- Para a instalación do contador de auga disporase de lugar con tapa rexistrable fóra da obra, de doado acceso para a lectura e comprobación do servizo.
- O uso da auga será exclusivamente para as necesidades da construción da obra, sen que poida destinarse, baixo ningún concepto, a outros usos.
- A conexión da devandita acometida á rede municipal de abastecemento deberá ser executada pola empresa Concesionaria do Servizo Municipal de Augas. (Expte.URB/2025/000745).

PRP2025/3638

Informar favorablemente a solicitude presentada por Dona. María Teresa Bouzas Martínez, para acometida á rede municipal de auga para uso doméstico, na avda. Vilanova, nº 18-Vilaxoán (Ref. Cat.: 7451041NH1175S0001KG), baixo as seguintes condicións:

- O punto de toma fixarao o persoal do servizo, co que o solicitante convirá o momento da súa execución, que realizará dito persoal e baixo a súa inspección e vixilancia.
- A arqueta de acometida será de ladrillo oco dobre de 1/2 pé de espesor, revestido interiormente, de dimensións interiores 50 X 50 x 40 cms., con tapa rexistro de fundición de

40 x40 cms., e no seu interior colocarse a chave xeral de corte. Esta arqueta colocarse na beirarrúa fronte á finca que solicite a toma.

- Para a instalación do contador de auga disporase de lugar con tapa rexistrable fóra da obra, de doado acceso para a lectura e comprobación do servizo.
- A conexión da devandita acometida á rede municipal de abastecemento deberá ser executada pola empresa Concesionaria do Servizo Municipal de Augas. (Expte.URB/2025/000782)

PRP2025/3639

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. José Luis Cuervo Soto, para acometida á rede municipal de **auga para uso de doméstico** na rúa Veiga do Valo, nº9 (Ref.Cat.:36060A03200S010001HV), baixo as seguintes condicións:

- O punto de toma fixarao o persoal do servizo, co que o solicitante convirá o momento da súa execución, que realizará dito persoal e baixo a súa inspección e vixilancia.
- A arqueta de acometida será de ladrillo oco dobre de 1/2 pé de espesor, revestido interiormente, de dimensións interiores 50 X 50 x 40 cms., con tapa rexistro de fundición de 40 x40 cms., e no seu interior colocarse a chave xeral de corte. Esta arqueta colocarse na beirarrúa fronte á finca que solicite a toma.
- Para a instalación do contador de auga disporase de lugar con tapa rexistrable fóra da obra, de doado acceso para a lectura e comprobación do servizo.
- A conexión da devandita acometida á rede municipal de abastecemento deberá ser executada pola empresa Concesionaria do Servizo Municipal de Augas. (Expte.URB/2025/000783)

PRP2025/3640

Informar favorablemente a solicitude presentada por Dona. Lorna Támara Rojas Vargas, para acometida á rede municipal de **auga para uso doméstico**, na rúa do Souto, nº 7-Cornazo (Ref. Cat.: 9552238NH1195S0001EM), baixo as seguintes condicións:

- O punto de toma fixarao o persoal do servizo, co que o solicitante convirá o momento da súa execución, que realizará dito persoal e baixo a súa inspección e vixilancia.
- A arqueta de acometida será de ladrillo oco dobre de 1/2 pé de espesor, revestido interiormente, de dimensións interiores 50 X 50 x 40 cms., con tapa rexistro de fundición de 40 x40 cms., e no seu interior colocarse a chave xeral de corte. Esta arqueta colocarse na beirarrúa fronte á finca que solicite a toma.
- Para a instalación do contador de auga disporase de lugar con tapa rexistrable fóra da obra, de doado acceso para a lectura e comprobación do servizo.
- A conexión da devandita acometida á rede municipal de abastecemento deberá ser executada pola empresa Concesionaria do Servizo Municipal de Augas. (Expte.URB/2025/000807)

PRP2025/3642

Informar favorablemente a solicitude de licenza presentada por Dona María Lourdes Peñalver Martínez en representación de TELEFÓNICA DE ESPAÑA, S.A.U. , para obras de AMPLIACIÓN DA REDE DE TELECOMUNICACIÓNS na rúa Areeiro, nº 63-Solobeira (S.Ref.01ZZ0402), baixo as seguintes condicións:

1. Realizarase un replanteo dos traballos, con localización dos servizos municipais afectados previamente ao inicio dos traballos. Este replanteo farase cos Servizos Técnicos Municipais.
2. Repoñeranse ao seu estado inicial os servizos municipais afectados pola obra. O responsable de tódolos danos producidos e custos que se poderán derivar de dita reposición será por conta do beneficiario desta autorización, sen cargo para o Concello.
3. As obras executaránse cumprindo todas as condicións de garantía e seguridade impostas polas disposicións vixentes.
4. A colocación dos postes previstos deberán respetar a alineación establecida no PXOM.
5. No caso que por circunstancias especiais houberse que colocar o poste a distancias menores das indicadas, entenderase que se colocan provisionalmente e en precario, debendo Telefónica, retirar os postes se o solicitase o Excmo. Concello, ás distancias esixidas, cando sexa necesario por motivos de ensanche de camiño, ou calquera outra causa de ben público. O cambio de emprazamento dos postes non supoñerá ningún dereito de reclamación de indemnización ao Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa.
6. A fianza de 500 € depositada para garantir que a zona de vía pública afectada polas obras queda en perfectas condicións de uso, devolverase unha vez comprobado este extremo.
7. Cumpriranse estritamente as condicións establecidas na autorización sectorial emitida na data 12.05.2025 pola Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, como titular da estrada PO-301. (URB/2023/00576)

PRP2025/3645

Informar favorablemente a solicitude presentada por Dña. María Carmen Roca López para autorización de vao permanente situado na rúa Carballal, n.º 34-Pereira (Ref.Cat(9670607NH1197S0001AA), conforme á Ordenanza Municipal de Circulación e os informes da Policía Local e do técnico municipal, baixo as seguintes condicións:

Trátase dunha entrada e saída de vehículos de 3.5 metros de ancho, sen beirarrúa. Polas dimensións da calzada e o dobre sentido de circulación da mesma, non é posible o estacionamento, polo que esta autorización non suprime prazas de estacionamento nin é necesario o rebaixe do bordo da beirarrúa.

Comúnicaselle que se procederá á inclusión no padrón da taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local por entradas de vehículos e, ademais, achegarase liquidación polo importe da placa. Unha vez realizado o pago, deberá pasar a recoller a devandita placa na oficina n.º 210, do segundo andar do Concello.

Por outra banda, o vao deberá complementarse cunha sinalización horizontal de prohibición de estacionar con marcas viarias que impidan o estacionamento, para o que deberá acudir á Policía Local onde lle informarán a forma de realizalo.

O titular desta autorización será responsable da súa axeitada instalación e do correspondente mantemento e bo uso. (Exp. URB/2025/000505)

PRP2025/3651

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Cesar Augusto Patiño, para autorización de vao permanente situado na travesía Vázquez Leis, nº 36-Vilaxoán (Ref. Cat.:7451033NH1175S0001LG), conforme á Ordenanza Municipal de Circulación e os informes da Policía Local e do técnico municipal baixo as seguintes condicións:

Trátase dunha entrada e saída de vehículos cun ancho de 3.5 metros e supoñería a supresión dunha praza de estacionamento en liña. A calzada é de formigón, non existe beirarrúa, e o acceso é a nivel desta, polo que non é necesaria obra de rebaixe.

Comunicaselle que se procederá á inclusión no padrón da taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local por entradas de vehículos e ademáis achegarase liquidación polo importe da placa. Unha vez realizado o pago, deberá pasar a recoller a devandita placa na oficina n.º 210, do segundo andar do Concello.

Por outra banda, o vao deberá complementarse cunha sinalización horizontal de prohibición de estacionar, para o que deberá acudir á Policía Local onde lle informarán a forma de realizalo.

O titular desta autorización de vao permanente será responsable da súa axeitada instalación e do correspondente mantemento e bo uso. (Exp. URB/2025/000485)

PRP2025/3652

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. José Manuel Antonio Senra en representación de CONSTRUCCIONES CASTRO-FIGUEIRO, S.L. para habilitación dun acceso temporal que require a retirada dun treito de cinco metros de valado e a execución dunha rampa de zahorra no Colexio Vagalume, sito na rúa A Xunqueira (Ref. Cat.:9154001NH1195S0001GM) co obxecto de mellorar o acceso de vehículos, condicionado ao cumprimento das seguintes condicións:

- A zona afectada deberá ser reposta ao seu estado orixinal unha vez finalizadas as obras.

A fianza de 6.000 €, depositada como garantía da reposición dos servizos municipais que pudieran resultar afectados, manterase vixente ata a comprobación do estado final das obras, momento no que, de ser conforme, procederase ao seu reintegro. (Exp. URB/2025/0000705)

PRP2025/3665

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Francisco José Bugallo Verde, para acometida á rede municipal de **auga para uso doméstico**, na rúa dos Pasos, nº 6 (Ref.Cat.:9751904NH1195S0001GM), baixo as seguintes condicións:

- O punto de toma fixarao o persoal do servizo, co que o solicitante convirá o momento da súa execución, que realizará dito persoal e baixo a súa inspección e vixilancia.
- A arqueta de acometida será de ladrillo oco dobre de 1/2 pé de espesor, revestido interiormente, de dimensións interiores 50 X 50 x 40 cms., con tapa rexistro de fundición de 40 x40 cms., e no seu interior colocarse a chave xeral de corte. Esta arqueta colocarse na beirarrúa fronte á finca que solicite a toma.
- Para a instalación do contador de auga disporase de lugar con tapa rexistrable fóra da obra, de doado acceso para a lectura e comprobación do servizo.
- A conexión da devandita acometida á rede municipal de abastecemento deberá ser executada pola empresa Concesionaria do Servizo Municipal de Augas. (Exp.URB/2025/000809)

PRP2025/3666

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. José Vilas Rodríguez, para acometida á rede municipal de **auga para uso doméstico**, na rúa da Leira, nº 10-Cea (Ref. Cat.:36060A022003000001HM), baixo as seguintes condicións:

- O punto de toma fixarao o persoal do servizo, co que o solicitante convirá o momento da súa execución, que realizará dito persoal e baixo a súa inspección e vixilancia.
- A arqueta de acometida será de ladrillo oco dobre de 1/2 pé de espesor, revestido interiormente, de dimensións interiores 50 X 50 x 40 cms., con tapa rexistro de fundición de 40 x40 cms., e no seu interior colocarse a chave xeral de corte. Esta arqueta colocarse na beirarrúa fronte á finca que solicite a toma.
- Para a instalación do contador de auga disporase de lugar con tapa rexistrable fóra da obra, de doado acceso para a lectura e comprobación do servizo.
- A conexión da devandita acometida á rede municipal de abastecemento deberá ser executada pola empresa Concesionaria do Servizo Municipal de Augas. (Expte.URB/2025/000730)

LICENZAS DE SEGREGACIÓN

PRP2025/3628

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Manuel Rodríguez Fontán en representación de M^a Ángeles Quintáns Caamaño para segregación de 21,00 m² da finca da súa propiedade, situada na rúa Nova de Trabanca, nº 16 (Ref. Cat. 9181807NH1198S0001UT), de conformidade co documento de cesión asinado con data 17/11/2023 en expediente URB/2023/868, aceptando dita cesión, aos efectos de proceder á súa inscrición a favor do Concello no Rexistro da Propiedade (Expte. URB/2025/000837).

LICENZAS DE OBRAS MAIORES

PRP2025/3646

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. José Antonio Ríos Lamas, vistos os informes técnico e xurídico, para reforma de cuberta en vivenda unifamiliar situada no camiño Real de Badiña-Trabanca Badiña (Ref. cat.: 0767218NH2106N0001AI), de conformidade co proxecto técnico redactado polo arquitecto técnico D. Juan Carlos Morgade Portas, con visado colexial do 22.07.2025.

- De conformidade co disposto no Art. 145 da LSG o prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis meses e o de finalización de 3 anos, dende a data do seu outorgamento (Dito prazo computarase dende o día seguinte ao da notificación ao solicitante do outorgamento da licenza) Non poderá interromperse as obras por tempo superior a seis meses.
- A concesión de prórrogas dos prazos de inicio e remate das obras condicionarase a que se respete a normativa urbanística vixente no tempo da concesión da prórroga e, no caso de obras xa iniciadas, a que a edificación sexa rematada exteriormente (Art. 145.2 LSG e 359 do RLSG)
- Será requisito indispensable dispor, xunto á obra, copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores, a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e

apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

- A licenza entenderase outorgada salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, segundo o Art.350.3 do RLSG.
- De ser o caso as obras axustaranse as condicións e contido das autorizacións e informes esixidos pola lexislación sectorial.
- No curso da execución das obras adoptaranse as medidas necesarias ao amparo do disposto no Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción e demais normativa ao respecto. (Expte. URB/2025/000711)

PRP2025/3647

Informar favorablemente a renuncia solicitada por Dona María Teresa Rodríguez Ruíz á licenza de obra para construción de vivenda illada na rúa Progreso-Arealonga (Ref.Cat: 0270911NH2107S0001HP), que foi concedida por Resolución de Alcaldía de data 18.01.2022, de conformidade co informe técnico de data 09.09.2025 no que se constata que non se executaron as devanditas obras e co informe xurídico de data 11.09.2025 no que se informa favorablemente a aceptación da renuncia, ao amparo co artigo 94 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, procedendo ao arquivo do expediente.

Déase traslado ao Departamento de Tesourería aos efectos oportunos. (Expte. URB/2020/000714)

PRP2025/3648

Informar desfavorablemente a solicitude presentada por D. Carlos Barcala Herrería, para obtención dunha prórroga do prazo dun ano para inicio das obras de ampliación de vivenda unifamiliar situada rúa da Viña, nº 30-A Torre (ref. cat.: 0368215NH2106N), por canto no informe xurídico emitido con data 11.09.2025 indícase a improcedencia de conceder prórroga ao ser por prazo superior ao concedido inicialmente (seis meses) segundo recolle o artigo 145 da Lei do Solo de Galicia. (Expte. URB/2023/000760).

PRP2025/3649

Con data 04.07.2025 a Alcaldía do Concello de Vilagarcía de Arousa, dita Resolución denegando a solicitude de licenza presentada por D. Víctor Fermin Pita Riva para construción de vivenda unifamiliar entre medianeras situada na rúa Plácido Castro, nº 10-Carril (Ref. Cat. 8680509NH1188S0001QQ), polos motivos expostos na devandita Resolución.

Con data 22.07.2025 o interesado interpón recurso de reposición.

Admitido a trámite o recurso pola debida presentación en tempo e forma, emítese informe xurídico con data 31.07.2025 no que se indica o seguinte:

"Do contido do recurso despréndese o recoñecemento dos extremos que motivaron a desestimación da licenza, esto é, que o proxecto e documentación presentada no expediente de solicitude de licenza non cumpren coa normativa urbanística de aplicación, constando explicitados os incumprimentos no referido informe do técnico municipal de data 21-5-25. Ata tal punto o recorrente recoñece a conformidade a dereito da resolución denegatoria, que pretende enmendar as deficiencias que fundamentaron a denegación da licenza coa aportación de nova documentación, que achega co seu recurso. Porén, resulta improcedente ter en conta dita

documentación, dado que de conformidade co disposto no art. 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o recurso de reposición configúrase como un recurso potestativo que ha de interpoñerse ante o mesmo órgano que ditou o acto impugnado, e cuxa finalidade é permitir unha revisión do devandito acto en vía administrativa, e, polo tanto, non se trata dunha nova instancia, senón de revisar se é conforme a dereito o acto administrativo impugnado á vista dos extremos que constan no expediente; neste senso, o art. 118.1

da citada Lei 39/2015, establece que "cando haxan de terse en conta novos feitos ou documentos non recollidos no expediente, deberase iniciar un novo procedemento", o que implica que o recurso de reposición non constitúe unha vía idónea para introducir documentación ou feitos novos que non formaron parte do expediente no momento de ditarse o acto impugnado. En consecuencia, a achega de documentación adicional no escrito de interposición do recurso de reposición resulta procedimentalmente improcedente, por canto supón unha alteración substancial do obxecto do procedemento e vulnera o principio de contradición e seguridade xurídica que preside o procedemento administrativo, e suporía desnaturalizar a función revisora do recurso de reposición. En definitiva, procede a inadmisión da devandita documentación e a desestimación do recurso de reposición interposto, dado que se sustenta en elementos que non puideron ser valorados polo órgano administrativo ao tempo de ditar o acto recorrido, por non formar parte do procedemento orixinario, constituíndo o recurso presentado e a documentación achegada unha verdadeira enmenda da solicitude e, en consecuencia, un recoñecemento da conformidade a dereito do acto impugnado."

Polo exposto anteriormente, o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo informa a desestimación do recurso de reposición presentado por Víctor Pita Riva, sen prexuízo de que o interesado inicie un novo procedemento. (Expte. URB/2024/000975)

PRP2025/3650

Informar favorablemente a solicitude presentada por Dna. M^a Mar Barcala Ribadulla, vistos os informes técnico e xurídico, para reforma de cuberta en vivenda unifamiliar situada na rúa Galbáns, nº 4 (Ref. cat.:0666804NH2106N0001II), de conformidade co proxecto técnico redactado pola arquitecta técnica Dna. Olalla Ríos Ríos Riveiro, con visado colexial do 19.06.2025.

- De conformidade co disposto no Art. 145 da LSG o prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis meses e o de finalización de 3 anos, dende a data do seu outorgamento (Dito prazo computarase dende o día seguinte ao da notificación ao solicitante do outorgamento da licenza) Non poderá interromperse as obras por tempo superior a seis meses.
- A concesión de prórrogas dos prazos de inicio e remate das obras condicionarase a que se respete a normativa urbanística vixente no tempo da concesión da prórroga e, no caso de obras xa iniciadas, a que a edificación sexa rematada exteriormente (Art. 145.2 LSG e 359 do RLSG)
- Será requisito indispensable dispor, xunto á obra, copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores, a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- A licenza entenderase outorgada salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, segundo o Art.350.3 do RLSG.
- De ser o caso as obras axustaranse as condicións e contido das autorizacións e informes

- esixidos pola lexislación sectorial.
- No curso da execución das obras adoptaranse as medidas necesarias ao amparo do disposto no Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción e demais normativa ao respecto. (Expte. URB/2025/000603)

COMUNICACIÓNS APERTURAS ESTABLECEMENTOS

PRP2025/3631

Informar favorablemente a comunicación de cambio de titularidade da licenza de actividade outorgada a favor de WALGISMAR, S.C., para apertura de café bar e panadería Epígrafe 6732), nun local situado na Avd. Rosalía de Castro, nº 151-Bx (Ref. Cat.: 8880009NH1188S0051MD), quedando subrogada Dna. Betsy Yaderis Pérez García na posición do anterior titular cos efectos previstos no Art. 20.3 do Decreto 144/2016:

"3. A responsabilidade do cumprimento dos requisitos administrativos a que estivese sometida a actividade ou o establecemento trasladarase á nova persoa titular a partir do momento en que o cambio de titularidade se fixese efectivo, con independencia da data en que se leve a cabo a comunicación do cambio de titularidade prevista neste artigo...."

Así mesmo, informar favorablemente a declaración responsable de asimilación á actividade de III.2.5.3 Bares do vixente catálogo, recollido no Anexo do Decreto 124/2019, de 5 de decembro, asinada o 20.06.2025.

Darase traslado do presente acordo ao Departamento de Rendas, aos efectos oportunos (Expt. ACTI/2025/000001)

PRP2025/3632

Informar favorablemente a comunicación de cambio de titularidade da licenza outorgada por Resolución de Alcaldía de data, 14.12.2016. a Dna. María Amalia Gómez Pérez, para o desenvolvemento de actividade de ensinanza, recollida no Epígrafe 9339.1, na rúa Arcebispo Lago, nº 3-1º D (Ref. Cat.: 9361002NH119650014GR), quedando subrogada Dna. Sara Álvarez Costa, na posición do anterior titular cos efectos previstos no Art. 20.3 do Decreto 144/2016:

"3. A responsabilidade do cumprimento dos requisitos administrativos a que estivese sometida a actividade ou o establecemento trasladarase á nova persoa titular a partir do momento en que o cambio de titularidade se fixese efectivo, con independencia da data en que se leve a cabo a comunicación do cambio de titularidade prevista neste artigo....."

Darase traslado do presente acordo ao departamento de Rendas aos efectos oportunos. (Exp. ACTI/2025/000058)

PRP2025/3633

Informar favorablemente a comunicación de cambio de titularidade da licenza de actividade outorgada a favor de GALLEGO PAULISTA, S.L. por resolución de Alcaldía de data 12.06.2023, para posta en funcionamento dunha actividade de café-bar (Epígrafe 6732.1), nun local situado na rúa Valentín Viqueira, nº 1- Carril (Ref. Cat.:8583904NH1188S0001KG), quedando subrogada AUGA MAREIRA, S.L. representada por Rodrigo Lojo Castro na posición do anterior titular cos efectos previstos no Art. 20.3 do Decreto 144/2016:

"3. A responsabilidade do cumprimento dos requisitos administrativos a que estivese sometida a actividade ou o establecemento trasladarase á nova persoa titular a partir do momento en que o cambio de titularidade se fixese efectivo, con independencia da data en que se leve a cabo a comunicación do cambio de titularidade prevista neste artigo...."

Así mesmo, informar favorablemente a declaración responsable de asimilación á actividade de III.2.5.3 Bares do vixente catálogo, recollido no Anexo do Decreto 124/2019, de 5 de decembro, asinada o 19.06.2025.

Darase traslado do presente acordo ao Departamento de Rendas, aos efectos oportunos (Expt. ACTI/2025/000059)

PRP2025/3634

Informar favorablemente a comunicación de cambio de titularidade, da licenza de apertura outorgada a favor de VIAJES BARCELÓ, S.L., mediante resolución municipal de data 10.10.2008, para a actividade de axencia de viaxes (Epígrafe 755), sito na rúa Arapiles, nº 4- Bx (Ref. Cat.:9462024NH1196S), quedando subrogada AUREA TRAVEL GROUP, S.L., na posición do anterior titular cos efectos previstos no Art. 20.3 do Decreto 144/2016:

"3. A responsabilidade do cumprimento dos requisitos administrativos a que estivese sometida a actividade ou o establecemento trasladarase á nova persoa titular a partir do momento en que o cambio de titularidade se fixese efectivo, con independencia da data en que se leve a cabo a comunicación do cambio de titularidade prevista neste artigo...."

Darase traslado do presente acordo ao Departamento de Rendas, aos efectos oportunos. (Expt. ACTI/2025/000063)

PRP2025/3663

Informar favorablemente a ineficacia da comunicación presentada pola ORGANIZACIÓN EMPRESARIAL PARQUISTAS DE CARRIL, para inicio de actividade destinada a clasificación e rexistro de moluscos (Epígrafe 631.1) sita na rúa Peirao do Ramal, nº 6. Nave A (Ref. Cat. 9168002NH1196N0001PO) polo non cumprimento dos requisitos mínimos esixidos para o exercicio da actividade.

Consta informe técnico no expediente que literalmente di o seguinte:

"INFORME TÉCNICO PARA APERTURA DE LOCAL SITUADO NA RÚA PEIRAO Nº6, BAIXO; A NOME DE ORGANIZACIÓN EMPRESARIAL PARQUISTAS DE CARRIL DESTINADO A "CLASIFICACIÓN E REXISTRO MOLUSCOS (631.1)"

Lido o contido das alegacións presentadas con data 02.09.25 (RE 7203WEB), infórmase o seguinte:

- *ALEGACIÓN PRIMEIRA: Para responder a esta cuestión, hai que realizar unha revisión, na base de datos municipal, sobre as actuacións realizadas sobre a nave en cuestión (a sinalizada como nº6 ou Nave A):*
 - *URB/2022/611: licenza de mellora de naves 5 e 6 (cambio de cubrición e soleira) Arquitecto: D. Iago Fernández Puentes. Autorizada por Resolución de Alcaldía de data 06.10.22.*
 - *URB/2023/748: licenza de mellora de naves 5 e 6 (illamento de fachadas e acondicionamento interior) Arquitecto: D. Iago Fernández Puentes. Autorizada por Resolución de Alcaldía de data 24.10.23. con indicación expresa de manter o uso preexistente (almacén)*

- URB/2024/308: comunicación previa de mellora de carpinterías en nave nº 6. Arquitecto Técnico: D. José Manuel Millán Armas. Aceptada por Resolución de Alcaldía de data 28.08.24.
- URB/2024/808: licenza de acondicionamento interior nave A e mellora de carpintería nave B. Arquitecto Técnico: D. José Manuel Millán Armas. Autorizada por Resolución de Alcaldía de data 23.12.24. con indicación expresa de manter o uso preexistente (almacén)
- URB/2025/508: licenza de creación de pasarela metálica en nave A. Arquitecto: D. José Manuel Millán Armas. Actualmente en tramitación.

Queda claro que se realizaron unha serie de obras de mellora nas naves, nas que semella entreverse a intencionalidade do promotor de adecuar a nave para o novo uso sen dar coñecemento a esta Administración, posto que sempre se mantivo na documentación o uso de almacén. Non entanto, pode aceptarse que as novas obras en tramitación non sexan necesarias para o exercicio da actividade. O que non se autorizou en ningún momento é a modificación do uso da nave, que tal e como se indica o Art.142.2.a da LSG e o Art.2.2. b da LOE, necesita tramitarse por licenza con proxecto técnico.

- ALEGACIÓN SEGUNDA: Non hai constancia, no rexistro municipal, da documentación técnica, asinada por D. José Manuel Millán Armas, á que se fai referencia. Pode ser un problema do sistema, da sede ou un simple erro, que se pode subsanar reenviando a documentación. Non entanto, posto que se trata dun cambio de uso da edificación, deberá tramitar, previamente á comunicación de apertura, a licenza de legalización correspondente, anexando o proxecto técnico que xustifique a posibilidade do uso que se pretende.
- ALEGACIÓN TERCEIRA: Non hai unha resposta técnica a esta alegación.

En conclusión: revisada a documentación presentada infórmase que a súa comunicación resulta ineficaz polo que se indica a continuación:

Non consta presentada ante este Concello, a documentación mínima esixible para a súa tramitación (documentación técnica...)

- Non conta co título habilitante urbanístico necesario para o cambio de uso da nave existente."

Polo anteriormente exposto procederase ao arquivo do expediente. (Exp. ACTI/2025/000077)

E sen máis asuntos que tratar, ás 09:05 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.